



2º BACHARELATO	AVALIACIÓN INICIAL	SET-2026
NOME E APELIDOS:		

TEXTO

Nunca antes, polo menos desde que se analiza de forma pormenorizada, caera tanto o nivel educativo en Galicia. Ao **analizar** a última versión do Informe PISA publicada este martes, con datos do 2025, non hai lugar a dúbidas. En só tres anos, os mozos galegos de entre 15 e 16 anos deixáronse vinte puntos en competencias matemáticas e científicas, e 31 en lectura, o que implica máis dun curso enteiro de perda de coñecemento. Nas probas que tiran estes datos participaron, segundo confirma a Xunta, 1.900 alumnos de 62 centros da comunidade, que non é allea ao empeoramento que se dá tanto a nivel español como internacional. España déixase, de media, 23 puntos en lectura, 16 en matemáticas e sete en ciencia. En PISA, vinte puntos equivalen a un curso académico.

Os anteriores datos, que a OCDE recolleu no 2022, xa reflectiron unha caída xeneralizada a nivel global, pero aquela evolución non resultou ser o suficientemente negativa —tendo en conta o impacto da pandemia— como para que se acendesen as alarmas. Cos datos coñecidos esta mañá, en cambio, confírmase sen matices unha tendencia á baixa que deixa o nivel educativo de moitos dos territorios analizados nas súas peores marcas desde que se empezou a realizar no 2000 este informe, o máis detallado e completo do mundo no terreo formativo e no que Galicia empezou a **figurar** seis anos máis tarde de forma individualizada. Pero ademais, o que se corrobora é que non só se lle pode achacar á covid a situación que xa adiantaba o informe do 2022.

Se se ten en conta que 20 puntos equivalen a un curso, os alumnos galegos que agora están en 4.º da ESO —aínda que poidan estar tamén en FP básica ou un curso por baixo se repetiron— terían o mesmo nivel de lectura que tiñan hai tres anos os estudantes escolarizados en 3.º da ESO. O desastre é aínda maior se se compara co que ocorría hai once anos, no 2015. Naquel entón, os alumnos galegos obtiñan en lectura 509 puntos, 55 por amais do rexistro actual. Por tanto, os mozos de 15 anos teñen agora unha comprensión lectora similar á que tiñan naquel momento os nenos de 12.

Jorge Noya. En *La Voz de Galicia*. 08/09/2026

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (3,25+0,75=4 puntos)

1.1. Indique, nunha liña como máximo, cal é o tema do texto.

1.2. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e secundarias e sen parafrasear o artigo. Extensión máxima: 60 palabras.

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA (1,25+0,25=1,5 puntos)

2.1. Indique a función sintáctica que desempeñan as unidades subliñadas no texto

2.2. Indique se os infinitivos sinalados no texto poden ser conxugados. Xustifique a súa resposta e, no caso de poder ser conxugado, elabore a frase de novo.

2.3. Na oración do texto “Se se ten en conta...” hai dúas palabras iguais, mais son a mesma palabra? Explique as diferenzas entre unha e outra.

PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (1,25+0,25=1,5 puntos)

3.1. Redacte un texto de opinión onde se analicen os resultados do informe PISA que achega o texto inicial. O texto debe conter titular, introdución, dous argumentos e conclusión. *Extensión aproximada: 250 palabras.*

PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA (2,25+0,75=3 puntos)